

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE TOURO**

ANUNCIO do extracto da convocatoria dunha praza de funcionario/a de carreira da escala de Administración xeral, subescala administrativa, incluída na oferta de emprego público de 2021 (expediente 2022/E001/000002).

O 18.5.2022, a Xunta de Goberno local aprobou as bases da convocatoria para cubrir unha praza de administrativo por promoción interna, incluída na oferta de emprego público de 2021.

O 31.1.2023, a Xunta de Goberno local aprobou a modificación da base 4 das bases que rexen a convocatoria.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña núm. 37, do 23 de febreiro de 2023, publicáronse integramente as bases que regularán a convocatoria para promover, por promoción interna, unha praza de administrativo, pertencente ao persoal de funcionarios de carreira, encadrada na escala de Administración xeral, subescala administrativa, grupo C1, a través do proceso selectivo de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases da convocatoria.

Touro, 25 de abril de 2023

Ignacio Codesido Barreiro
Alcalde

